

MÍSTER ARKADIN

Orson Welles, 1955

1185

ESTREA EN NUMAX: 24.10.2023 | V.O.S.E. | 100 min

Un mariñeiro encontra un home moribundo que antes de falecer di un nome: Mister Arkadin. Despois dunha serie de investigacións, o mariñeiro dá co misterioso personaxe, un millonario, dono dun imperio industrial e financeiro, que vive encerrado coa súa filla nunha mansión da Costa Azul. Unha vez localizado, o propio Arkadin, que padece amnesia, pide que se faga unha investigación sobre o seu pasado.

«É, de principio a fin, a obra dun xenio inconfundible do medio cinematográfico»

THE NEW YORK TIMES



Un aventureiro do mundo moderno

Por André Bazin

Como Kane, pero con maior liberdade con respecto ao modelo, Míster Arkadin está inspirado na personalidade, se é que non na vida, dun dos grandes aventureiros do mundo moderno, Bazil Zaharoff, o todopoderoso comerciante de armas, de humilde e misteriosa orixe, que labrou a base das máis turbias por non dicir criminais operacións, ademais dunha fortuna prodixiosa, unha fachada de honorabilidade coroada, como sabemos, polo título de Sir.

Aínda que Welles tivo desta volta un produtor parisiense, Louis Jovet, a realización de Arkadin foi longa e laboriosa. Só a rodaxe durou seis meses e realizouse entre Francia, España e Alemaña. Pero o filme, gravado en 1954, non estivo listo até 1957 debido á duración da montaxe (uns oito meses e sen ser concluída por Welles) e, sobre todo, a postsincronización á que Welles concedía grande importancia. (...) Welles soubo combinar intimamente os efectos de montaxe co tipo de plano. Xa en *Cidadán Kane* (1941) e un pouco en *Othello* (1952) tiña empregado en gran medida obxectivos de curta distancia focal, acentuando violentamente a perspectiva e dando, sobre todo nos contrapicados, deformacións moi características, mesmo detectables no rostro dos actores. A partir de Míster Arkadin vaise servir sistemática e case exclusivamente do obxectivo 18.5 mm, que dá á vez unha perfecta profundidade de campo e unha violenta deformación do espazo. O actor que se dirixe á cámara parece calzar botas de sete leguas.

Como moi ben ten sinalado Éric Rohmer en *Cahiers du Cinéma*: "Nunca esas deformacións, ese delirio, foron tan sabiamente empregados, estiveron tan xustificadas. Esa verdade que se desfai nas mans do investigador, converténdose en po moral, esas pegadas dun pasado que se esfarela como un castelo de area, non poderían ser afrontados abertamente, requirían que tanto o seu esmagador peso, como a súa incosistencia, quedaran nidiamente resaltados. Welles fai uso, como o seu dono e inventor, dunha mecánica da que ninguén, aparte del, acabou de comprender o funcionamento. Xustamente eloxiado polo emprego do plano fixo, Welles recrease a partir d'*A dama de Shanghai* (1948) e sobre todo de *Othello*, na fragmentación da súa planificación sen ferir a esixencia de continuidade. Díxose que a súa figura estilística favorita é a lítote, ficando en segundo plano, ante a cámara inmóbil, o núcleo esencial da escena. Aquí multiplica os ángulos e, porén, isto non supón maior proximidade. A cámara parece sufrir o mesmo desacougo dos personaxes que se axitan, dubidan. Penso nesa travesía en barco por un mar encrespado, cando Mily, bébeda, fai a Arkadin as confidencias que lle han custar a vida. Todo semella a cada intre arrastrado pola furia dunha grande mareira. A mar, aínda non aparecendo máis que en contados intres, brúa ao fondo xordamente. O parecido de Arkadin co "deus que fai tremer a terra" aseguraría que non é fortuíto.

(...) O caso de Orson Welles recorda en moitos conceptos o de Stroheim, pero é máis ben con Eisenstein con quen prefiro comparar o autor de *Cidadán Kane*. Encontra en ambos a mesma habilidade para beneficiarse do poder esencial da cámara - transfigurar o real ao nivel mesmo das tomas-, a mesma confianza nos efectos propios da montaxe, material ou ideal. (...) É obrigado situalos entre os grandes, mesmo aínda que ás veces nos resistamos á fascinación dos seus brillantes exemplos.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Ciudadano Kane,
Orson Welles.
Vértice [BD]

Mr. Arkadin,
Orson Welles.
ANAGRAMA, 1995

*La mirada de Orson
Welles*,
Mark Cousins.
a contracorrientefilms [BD]